

VII CERTAME DE FOTOGRAFÍA RUTH MATILDA ANDERSON

Coa elección de Ruth Matilda Anderson para dar nome a este proxecto, por un lado lémbrese a unha muller que fixo un traballo importante nun campo tradicionalmente desenvolvido por homes, e por outro, préstase atención á súa destacable obra, na que se inclúe o retrato que Ruth Matilda fixo da muller galega dos anos 20, a través da súa particular mirada.

Obxectivos

1. Sacar á luz o labor que desenvolven as mulleres na sociedade e que historicamente se veu invisibilizando.
2. Deconstruír na medida do posible os estereotipos de xénero, acerca dos traballos que son propios de mulleres e os que o son de homes, e motivar a facer unha escolla da carreira profesional dun xeito máis libre e vocacional.


Organiza:



Financia:



Non son a túa boneca
M^a Jesús Varela Pulpeiro
1^o premio. VI Certame RMA



Tocando o corno
Jesús M García Devesa
2^o premio. VI Certame RMA



Imos mudar a realidade
Adrián Vázquez Rodríguez
3^o premio. VI Certame RMA

VII CERTAME DE FOTOGRAFÍA RUTH MATILDA ANDERSON

Dirixido á comunidade
universitaria e
exalumnado da USC

Prazo de presentación aberto
ata o **10 de setembro de 2021**

Máis información:
www.usc.gal/oix

Extracto das bases

Quen pode participar?

Poderá presentarse ao certame, de xeito individual (achegando como máximo tres fotografías):

- O alumnado da USC.
- O antigo alumnado da USC.
- Persoal da USC (PAS, PDI ou outra categoría).

Temática:

A temática terá unha relación directa coas mulleres dende diversas perspectivas (visibilización do traballo, mulleres e ciencia, rompendo estereotipos de xénero...) premiándose a creatividade, innovación e o impacto da imaxe.

Formato:

As fotografías entregaranse en formato dixital, cunha resolución mínima de 300 ppp, orientación horizontal e un tamaño A3 ou A4.

Premios:

O xurado seleccionará as doce fotografías de maior calidade técnico-artística sempre que se axusten á temática establecida na convocatoria. De entre estas, o xurado escollerá as tres mellores. Os premios para as tres mellores fotografías seleccionadas consistirán en:

1º premio: Unha dotación económica de mil euros (1.000 €). Esta fotografía será utilizada pola USC, como cartel conmemorativo do Día Internacional das Mulleres no ano 2022.

2º premio: Unha dotación económica de oitocentos euros (800 €).

3º premio: Unha dotación económica de cincocentos euros (500 €).

- Ao importe de cada un destes premios aplicaráselle as retencións previstas na vixente lexislación tributaria española.
- Se o xurado o estimase conveniente poderá deixar algún ou todos os premios desertos.

Calendario:

Coas doce fotografías finalistas elaborárase un calendario.

Inscrición:

Deberase achegar a seguinte documentación:

- Formulario de inscrición, debidamente cuberto, ao que poderá acceder a través da seguinte ligazón: www.usc.gal/oix
- Fotocopia do DNI.
- Memoria USB coa/s fotografía/s presentadas.

Lugar e prazo de presentación:

Nos rexistros xerais da USC. O prazo de entrega rematará o día **10 de setembro de 2021**.